




CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO
E-mail: correo@boimorto.es

Teléfono: 981 516 020 Fax: 981 516 045
Web: www.concellodeboimorto.es



REBECA VÁZQUEZ VÁZQUEZ SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA).

CERTIFICO: Que a Alcaldesa con data vintedous de xullo de dous mil catorce, ditou o Decreto que deseguido se transcribe literalmente:

<<**Decreto:** 263 / 2014**Data decreto:** 22/07/2014**Descrición decreto:** Nomeamento técnico orientación para realización de accións de información, orientación e prospección de emprego

DONA ANA LEDO FERNANDEZ ALCALDESA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Vista a proposta de solicitude de baremación por parte do Servizo de Orientación Laboral da Dirección Xeral de Emprego e Formación dun técnico de información, orientación e prospección de emprego, que consta na acta da Comisión seleccionadora deste persoal laboral temporal de data 15/07/2014.

Vista a resposta favorable por email do Servizo de Orientación Laboral da Dirección Xeral de Emprego e Formación a dita solicitude de baremación do persoal técnico.

Esta Alcaldía no uso das atribucións outorgadas legalmente no marco das competencias da Alcaldía sinaladas no artigo 21 da Lei 7/1985 de bases do réxime local polo presente **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Nomear como técnico de orientación para a realización de accións de información, orientación e prospección de emprego a Cristina Tato Miguez con DNI 44846065K.

Condicionase a formalización do contrato en aplicación da base quinta á presentación polo interesado de declaración xurada de non estar incurso en incompatibilidade para ser persoal da Administración Pública e non ter sido separado do servizo público e certificado médico oficial que acredite a súa capacidade para o desempeño do posto de traballo.

SEGUNDO.- Notificar persoalmente o presente decreto á seleccionada indicada no apartado anterior, así como publicar no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web este decreto aos efectos oportunos, e comunicar aos servizos administrativos para que se tramite presentada a documentación requirida a alta da traballadora na seguridade social e se asine e rexistre o contrato con efectos de alta o 24/07/2014.

Boimorto vintedous de xullo de dous mil catorce


A Alcaldesa

Perante min:
A secretaria

Asdo.- Ana Ledo Fernandez

Asdo.- Rebeca Vázquez Vázquez>>

E para que conste onde proceda, expido a presente certificación, de orde e co visto e prace da Sra. Alcaldesa, en BOIMORTO, a 22 de xullo de 2014

Vº Pr.
A Alcaldesa

Asdo.- Ana Ledo Fernandez

